

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 27 de febreiro de 2004, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas provisionais das axudas aprobadas e denegadas das prestacións de xubilación, fillos menores, estudos do traballador, diminuídos e vivenda do Fondo de Acción Social para o exercicio de 2003 para o persoal ó servizo da Administración da Xunta de Galicia.*

De conformidade co establecido no punto dous das normas xerais de procedemento do acordo subscrito en Santiago de Compostela o 23 de xullo de 2003 polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais CC.OO., UGT e CSI-CSIF representadas na Mesa Xeral de Negociación de Funcionarios e no Comité Intercentros do Persoal Laboral, así como na Comisión de Concesión das Axudas de Acción Social, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 11 de setembro de 2003 e publicado por Resolución do 17 de setembro de 2003 (*Diario Oficial de Galicia* nº 183, do 22 de setembro), da Dirección Xeral de Relacións Laborais, deben publicarse as listas provisionais de admitidos e excluídos das axudas do Fondo de Acción Social para o exercicio de 2003.

De conformidade con isto, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas as listas provisionais das solicitudes aprobadas e denegadas das prestacións correspondentes ás contingencias de xubilación, fillos menores, estudos do traballador, diminuídos e vivenda do Fondo de Acción Social do ano 2003, que están expostas no taboleiro de anuncios de todas as consellerías, así como nas delegacións provinciais e relativas ó seu persoal.

Segundo.-Contra as ditas listas os interesados poderán presentar reclamacións e, se é o caso, documentos de reparación de faltas e erros no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no punto 2 da norma xeral de procedemento do acordo sobre criterios de reparto do Fondo de Acción Social para o exercicio de 2003 (*Diario Oficial de Galicia* nº 183, do 22 de setembro) no rexistro xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, nas delegacións provinciais das distintas consellerías e nas oficinas de correos, segundo establece o artigo 38 da mencionada Lei 30/1992, do 26 de novembro,

e dirixiranse á directora xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (edificio administrativo San Caetano, 15771 Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2004.

Belén Prado Sanjurjo  
Directora xeral da Función Pública

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Decreto 46/2004, do 20 de febreiro, polo que se desafecta do dominio público o edificio denominado Cambón, situado na rúa Palma número 2, antes 4, de Vigo (Pontevedra).*

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a titularidade do edificio denominado Cambón, situado na rúa Palma, 2, antes 4, de Vigo (Pontevedra).

O dito inmovible figura no Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia como ben de dominio público para dependencias administrativas, co código de centro P0271. Na actualidade consta sen adscrición, unha vez que foi desocupado pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, como consecuencia do traslado das dependencias da dita consellería ó novo edificio múltiple de Vigo, segundo consta na acta de entrega do 28 de outubro de 2002.

O artigo 10.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, sinala que cando os bens e dereitos non fosen necesarios para o cumprimento dos fins determinantes da súa afectación, cesará a súa natureza demanial e adquirirán a condición de patrimoniais, sen prexuízo, de se-lo caso, do dereito de reversión nos termos da lexislación de expropiación forzosa, respecto daqueles bens adquiridos por este título.

Segundo o anterior, foi tramitado pola Secretaría Xeral e do Patrimonio o expediente de desafectación do dominio público do ben de referencia, unha vez acreditada a non necesidade do edificio para a súa utilización pola Xunta de Galicia, tralo traslado das dependencias administrativas ó edificio administrativo de usos múltiples en Vigo.

Por todo isto, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinte de febreiro de dous mil catro,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Desaféctase do dominio público o inmovible coñecido como edificio Cambón, situado na rúa Palma, 2, antes 4, do termo municipal de Vigo (Pontevedra), que figura inscrito no Rexistro da Propiedade de Vigo número 5, no tomo 456, folio 201, predio 6136, inscrición 22.